


Xosé Ramón e Fernández Oxea, setenta anos de militancia nacionalista

Xosé Ramón Ermida Meilán

Home de Nós, fixo de todo, porque todo estaba por facer, como gustaba de afirmar o seu amigo de sempre, o noso Don Ramón. Etnógrafo, lingüista, pedagogo, historiador, poeta, narrador, arqueólogo, os seus traballos están recollidos nunha chea de xornais xenerais, publicacións especializadas, prensa da Galiza e do exterior, monografías ou libros que deu ao prelo após moitos avatares. Primeiro como Xan Fouciño, despois da súa experiencia como correspondente de guerra no Marrocos colonial como Ben-Cho-Shey, non houbo tema galego que non o ocupase, até ser nome habitual en publicacións tan diversas na orientación, na función e mesmo no plano temporal, como *La Zarpa* ou *El Progreso*, *A Nosa Terra* ou *Vieiros*, en Galicia ou *La Noche*, sen esquecer, Nós, os caderno do Seminario de Estudos Galegos ou do CSIC e, por suposto, as revistas dos múltiples centros da emigración. "O vedraio da fala", como se refería a el Rodolfo Padra, deixounos tamén varios libros entre os que destacaríamos *Andrómenas*, *Contos do fiadeiro*, *Berzas* ou *A ducia do frade* e *O Catón Galego*, con portada de Luís Seoane e debuxos de Beatriz Rei, elaborada nos anos 30 e editada nos primeiros 60, na que responde á súa vella preocupación de achegar materiais para a galeguización do ensino. Así e todo, da súa amplísima produción, merece unha especial atención un libro monumental publicado polos Álvarez Blázquez, dada a negativa de Galaxia, *Santa Marta de Moreira. Monografía dunha parroquia ourensá (1925-1935)*, con prólogo de Cuevillas e deseños de Xocas e Risco, obra de referencia aínda hoxe, na que achega, desde unha perspectiva multidisciplinar, na liña dos traballos do SEG, unha visión da lingua, da tradición, da historia, da arte, etc.

dese lugar de Ourense onde exerceu o maxisterio durante anos. Porén, un outro Ben-Cho-Shey é o que nos ocupa e interesa aquí; o Ben-Cho-Shey político, o afiliado, militante e dirixente que nos permite seguir toda a xeira do nacionalismo galego desde os momentos fundacionais das Irmandades da Fala ao proceso de reorganización e asentamento do nacionalismo contemporáneo tras a Guerra Civil. Unha achega coma esta, de primeira man, ao acudir a textos que até día de hoxe permanecían inéditos, alén de servirmos para coñecer o noso home, posibilita recoñecer os núcleos doutrinais do nacionalismo no período dos anos 20, 30 e 40, sen deformacións e interpretacións interesadas, os debates que se deron naqueles períodos, e tamén a capacidade para resolvelos e, por suposto, pór en valor o patrimonio ideolóxico que é de nos e segue secuestrado.

Xosé Ramón e Fernández Oxea, o Ben-Cho-Shey co que nos o coñecemos e que el empregou a oito e que non era máis que o pseudónimo que comezou a utilizar en *La Zarpa* en 1920 para escapar da censura militar con aquelas *Crónicas Marruecas*, naceu en Ourense en 1897, fillo daquel Pío Ramón, tamén militante nacionalista e profesor da Normal, que lembrou Otero no *Libro dos Amigos* e neto daquel Elixio Oxea que presidiu a Asemblea Rexionalista Galega naquel Ourense hostil pola polémica entre Lamas Carvajal e Manuel Murguía. Militante temperá das Irmandades da Fala, o seu nome aparece entre os asistentes á constitución da delegación ourensá da mesma, participa de xeito activo no proceso da súa organización e expansión, como dan conta as súas cartas con Lousada Diéguez e Luís Porteiro. Con tan só 21 anos, acode á Asemblea de Lugo,



sendo un dos asinantes do Manifesto Nacionalista, feito que se oculta, ao noso entender de xeito non casual, e xa son habituais as súas colaboracións n' *A Nosa Terra*, datadas moitas delas en Madrid e subscritas co pseudónimo de Xan Fouciño. Incorporado a filas entre 1920 e 1923, é destinado a Marrocos, onde serve como telegrafista no exército colonial español que combatía a revolta rifeña, se ben os seus artigos xornalísticos non deixan dúbida das súas simpatías entre as forzas en contenda, representando ao mesmo tempo un testemuño de grande interese sobre a brutalidade da guerra e do colonialismo, así como de defensa dos valores da paz e dos dereitos dos pobos. A finais dos anos 20, bolseiro das Deputacións galegas, pasa varios anos en Europa, visitando Francia, Bélxica ou Holanda, se ben, anteriormente en 1926, se asenta como mestre en Cariño, onde substitúe no cargo outro home das Irmandades, o poeta Vitoriano Taibo. Deses anos en Ortegal dá conta Don Ramón Outeiro Pedraio, nos seus *Pelegrinaxes*, onde recolle a viaxe que o de Trasalba, o noso home e Risco fan ao Santo André. Aínda que vinculado ao grupo ourensá, participa en 1927 da recepción que a Irmandade da Fala da Coruña lle organiza en Sada,

a un novísimo cadro sindical emigrado en Arxentina camiño da conferencia da OIT de Xenebra, Ramón Suárez Picallo, que, naquela altura, xunto a Blanco Amor e Eliseo Pulpeiro, impulsaba a revista *Céltiga*. As circunstancias internas que tocou vivir ao nacionalismo na segunda década do século, marcadas pola división interna entre o grupo da Coruña e o resto das Irmandades, a persecución ao que foi sometido o nacionalismo galego pola ditadura de Primo de Rivera e a súa propia situación persoal con continúas estancias fóra do noso País, poden sacar relevo á súa traxectoria militante neste período. Agora ben, o Xosé Ramón e Fernández Oxea era unha referencia no campo do nacionalismo, até o punto de que o seu fiel secretario nas tarefas de dirección do Partido Galeguista de Lugo, o escritor Ánxel Fole, deixou escrito que na Galiza dos anos 20 era considerado “un daqueles 20 ou 30 galegos 100% como Castelao, Risco, Vilar Ponte ou Otero.”

O seu retorno a Ourense en 1930, após a experiencia Europea, coincide cun novo tempo político de máis activismo como consecuencia da caída de Primo de Rivera, o que favorecía maiores espazos de liberdade, e as perspectivas que se abrían co horizonte dunha mudanza de réxime que ben cedo se verían plasmadas coa proclamación da República. Este novo contexto obriga a unha reorganización do nacionalismo, tanto no proceso de concentración e formalización dos grupos existentes, naquela altura dispersos, como na necesidade de achegarse e organizar novos sectores sociais e, por suposto, de fixar unha alternativa programática clara, algo que fai Risco c’O *problema político de Galiza*, sen esquecer a preparación da loita electoral que se viña enriba. Ben-Cho-Shey aparece xa en 1930 na directiva da Irmandade de Ourense. Nese mesmo ano tórnanse habitual a súa presenza como orador nos grandes actos de masas do nacionalismo (Maceda, Allariz, ou O Barco, etc.), participando xa en 1931 como fundador e directivo do Partido Nazonalista Republicano de Ouren-



Mitin na Barreia, en Carballedo, na campaña a favor do si no plebiscito do Estatuto de Autonomía, do 21 de xuño. Intervén, vestido de branco, Vicente Bóveda –irmán de Alexandre e Secretario de Organización da Federación de Mocidades Nacionalistas. Á súa beira están, entre outros, Ánxel Fole –Secretario de Organización do Partido Galeguista en Lugo-, Francisco Domínguez –Presidente do sindicato agrario da Barreia- e Xosé Díaz Vilamil –xefe de Izquierda Republicana en Lugo e fusilado tras o golpe de estado

se, polo que saíra elixido Deputado nas cortes constituíntes Don Ramón Outeiro Pedraio, e acudindo a finais dese esperanzador 1931 á Asemblea de Constitución do Partido Galeguista en Pontevedra que volvería a unificar o conxunto do nacionalismo. Centrado en cargos de responsabilidade orgánica, fai parte da directiva do Grupo de Ourense, que presidía Peña Rei, e do Consello do Partido, desempeña un papel determinante na articulación do movemento das Mocidades e dos Ultreia na Provincia, como se recolle na súa correspondencia con Xosé Velo e Álvaro de las Casas, toma a palabra nos sucesivos Mitins das Arengas, son habituais as súas conferencias de formación política nos

diversos grupos nacionalistas que se ían constituíndo nas diferentes localidades da xeografía ourensá e tócalle vivir, como ao conxunto do nacionalismo, a decepción que representa o novo réxime para as arelas do noso pobo. Após aprobar as oposicións de Inspector de Primeiro Ensino, trasládase a Lugo a finais de 1934, onde pronto pasa a ocupar a Presidencia provincial dun residual Partido Galeguista. Lugo terra hostil para o nacionalismo, até o punto de os dirixentes do mesmo se referiren a esta Provincia como “O Úlster galego”, verá como en breve comeza un proceso de activación do Partido coa organización de novos grupos (Friol, Muras, Lourenzá, Vilalba, Meira, etc.), que se sumaran



aos xa clásicos de Viveiro, dirixido por Vilar Ponte, Parapar e Cerdeiras; Ribadeo, agrupado arredor de Pérez Prieto con xente das Irmandades incorporadas en 1928 por Víctor Casas; Mondo-

ñedo, articulado entorno á revista *Galiza* e liderado por Álvaro Cunqueiro; Terras de Chantada, dirixido por Francisco Domínguez e do que facía parte o Sindicato Agrario de Carballedo;

Comarca de Sarria, con particular presenza en Láncara, cun grupo xuvenil moi numeroso organizado por Ramón Piñeiro; e na zona de Lemos, onde o intenso traballo dos irmáns Saco foi quen de organizar delegacións, a máis de Monforte, na maioría dos concellos do contorno. O labor do noso home deixou pegada na zona centro de Lugo, xa incorporado ao Comité Executivo Nacional do Partido, organiza as mocidades, onde aparecen os nomes de Piñeiro, Lourenzo Varela, Pedro González ou Figueroa, formaliza as estruturas do nacionalismo na cidade, esfareladas após a marcha de Don Ramón Martínez López, ao incorporar novos cadros como Fole, Aller, Xosé Pimentel ou Servando de la Ballina e ao activar outros como Álvaro Xil ou Antón e Xosé Fernández, até facer do nacionalismo unha forza eficaz e con progresiva influencia, como se observa na campaña do Estatuto. Sería inxusto non mencionar aquí a importancia pública que cobra a súa figura ao longo da mesma, pasando o noso home a ser un dos tres que conforman a santísima trindade do galeguismo, como afirmaba Fole, posto que, xunto ao autor de *Á lus do candil* e Aller, representan na case totalidade dos actos públicos. Noutra orde, debemos destacar a nula repercusión que a ruptura de Dereita Galeguista terá en Lugo, a pesar da presenza na cidade de Filgueira como profesor de ensinanza medias. Iso si, Ben-Cho-Shey, unha persoa incapaz de falar mal de ninguén, non lles perdoará, como testemuñou en conversas e por escrito que, coa ruptura, puxeran indirectamente no punto de mira da represión no 1936 aos que ficaron no Partido por definilos por pasiva. Aínda así, a súa xeira luguesa non foi doada e estivo chea de conflitos co resto das forzas que facían parte da Fronte Popular que daba as costas de xeito reiterado ao Partido Galeguista, até o punto de excluílos das listas para as eleccións de febreiro de 1936 para incorporar os centristas de Portela Valladares, e que tiña o seu correlato

Asistentes e intervención o 11 de xuño de 1936, na praza Maior de Lugo, no mitin a favor do Estatuto de Autonomía. Na fotografía superior fala Lois Peña Novo, fundador das Irmandades da Fala, primeiro concelleiro nacionalista en Galiza, e na inferior fala Gumersindo Montero, un dos escasos membros do PCE que daba os mitins en galego e que remataría exiliado en Arxentina



cunha relación a cada paso máis tensa coa propia dirección do Partido que o acusaban de dogmatismo e que leva mesmamente a Ben-Cho-Shey a pór o seu cargo á disposición de Castelao e Bóveda.

O Alzamento militar fascista colle a Xosé Ramón e Fernández Oxea en Lugo, o que marca para el o inicio dun período de persecución que comeza pola súa suspensión de emprego e soldo con orde de reclusión na casa de Ourense e o seu posterior desterro a Cáceres en 1937. Iniciase aquí a súa xeira española que o levará tamén a Toledo e a Madrid, sen abandonar por un momento a loita nacionalista. Na década dos 40, participa desde o primeiro momento na reorganización do nacionalismo na clandestinidade, como acredita a correspondencia con Otero, converténdose no apoio máis dilixente e entregado aos galeguistas presos, pasando e sacando cartas do cárcere, levando comida e conversa aos detidos ou ocupándose do roupeiro e da lavandería de Piñeiro ou dos Saco. Non houbo actividade galega, naquel Madrid dos 50, 60 e 70, na que estivese ausente, como unha sorte de embaixador, que tanto valía para cubrir coa bandeira que nos é propia a viúva de Castelao, como

para homenaxear Rosalía, Pimentel ou Cabanillas en actos organizados por *Brais Pinto* ou atender a caseta de Galaxia na Feira do libro madrileña, onde se vendían aqueles libros que el mesmo previamente pasara pola censura. Aínda así, nada o encheu tanto, como colaborar das actividades da sección galega do Clube de Amigos da Unesco, dirixida por Bautista Álvarez, onde impartía puntualmente todos os domingos aulas de galego e se fundía con mozos como Lois Diéguez, Pilar Allegue, Vicente Vázquez, Xavier Baixeras, Carme Graña, Lino Ventosinos ou Xoán Soto para descubrirlle o País. A súa militancia partidaria rematou o mesmo día que liquidaron o Partido Galeguista. Porén, xa desaparecido este, como testemuñou o pintor de Goián, Xavier Pousa, que exercía de correo, remitía a Don Ramón nomes de mozos do Fato Castelao, os Almoína, os Alonso ou Jaureguizar como posíbeis novos afiliados. Nunca compartiu esa decisión, el que coñecía de primeira man os debates entre a xente do interior e do exterior. Non é casual que fose o único galego, xunto a Otero, a quen Prada remitiu carta para darlle conta da morte de Castelao ou a primeira persoa coa que se reuniu Abreira, na súa visita a

Galiza tras a morte do de Rianxo por orde do Consello de Galiza. Ficolle sempre a dúbida sobre o que agochaba Piñeiro após saír do cárcere, cando tras ofrecerlle Álvaro Xil, Penzol e mais el axuda para seguir adiante, o de Láncara contestoulles que “el tiña outros plans.” Fosen os que fosen os plans do inquilino de Xelmírez 15, o noso Xosé Ramón e Fernández Oxea, negouse a participar do PSG, mentres colaboraba coa sección madrileña da UPG agochada tras a fachada do Club de Amigos da Unesco. Afirmábase con malicia nos círculos galeguistas de Vigo e Compostela que o Ben-Cho-Shey era unha sorte de crego preconiliar, e se cadra era certo, porque a súa igrexa era a de Bóveda e Castelao, non a de Piñeiro de Sabell, e os seus evanxeos os da tradición nacionalista, xa sintetizada no *Sempre en Galiza*, non os libros apócrifos inspirados na filosofía alemá. Morreu en Madrid en 1988, tras uns últimos anos durísimos no persoal, e foi enterrado no esquecemento en Ourense, coa presenza duns poucos amigos fieis como Bautista Álvarez.

Coincidindo co 75 aniversario do seu desterro ou –para ser máis preciso– do inicio do seu exilio español, quixemos traer ás páxinas de *Terra e*



Misa por Rosalía en San Domingos de Bonaval, Compostela, o 25 de xullo de 1955. Entre outros, Otero Pedraio, Xesús Ferro Couselo, Domingo García Sabell, Ramón Martínez López, Xosé Ramón e Fernández Oxea, Xaime Illa Couto, Xosé María Castroviejo, Francisco Del Riego, Valentín Paz Andrade, Manuel Peña Rey, Uxío Novoneira, Manuel María, osé Mosquera Pérez, Fita Bustamante, Caamaño Bournacell, Ramón Cabanillas (fillo), Sebastián Martínez Risco, Luís Viñas Cortegoso, Leuter González Salgado

Tempo unha escolma de textos de Xosé Ramón e Fernández Oxea, neste caso inéditos, na dupla intención de contribuírmos á rehabilitación da figura do seu autor, mais fundamentalmente de divulgar os debates políticos que se deron no nacionalismo que nos precedeu e a vontade das xeracións anteriores de dotaren o noso movemento dun corpo doutrinal de seu que, posteriormente, será a base sobre a que se articula o nacionalismo contemporáneo a partir dos anos sesenta. O primeiro dos traballos é unha conferencia que, so o título dos *Movimentos nazonalistas na Europa actual*, se pronunciou en Maceda en xullo de 1931, e o segundo é unha carta, até agora non publicada, remitida polo Presidente do Partido en Lugo ao Secretario Político nacional, Daniel Castelao. Un terceiro texto, datado en novembro de 1944 recolle os criterios que segundo o noso home debe rexer a política de selección de cadros do Partido Galeguista na etapa da clandestinidade, analizando os criterios que deben cumprir os dirixentes así como os debates que se vivían naquel momento entre os nacionalistas do interior. En definitiva, estamos diante dos documentos dun dirixente partidario, dun home que “reflexiona para a acción”, que diría Lenin, e, xa que logo, cunha vocación teórica sen motivacións ornamentais e aínda menos academicistas, senón que partían da necesidade de dar corpo á acción concreta, en definitiva un *modus operandi*, que chega a hoxe na obra dos seus continuadores, esta directamen-

te vinculado á vontade do movemento nacionalista de ser útil e incidir na realidade práctica. A lectura dos documentos que poñemos á vosa disposición daranos unha imaxe non deformada do que fomos e do que somos, unha visión precisa dos núcleos centrais do que foi o nacionalismo nas primeiras décadas do século XX e tamén como os núcleos reitores daquel movemento seguen a ser os do nacionalismo de hoxe, en definitiva que contamos cun pensamento de nos, que o proceso de definición ideolóxica respondeu a aquilo que escribira Mariátegui, “nin calco, nin copia”, e que o galego, ao igual que a totalidade dos movementos de liberación nacional do mundo, tomou como punto de partida os seus clásicos, “os nosos admirados populistas”, que diría Frantz Fanon, ou, se quer doutro xeito, tal como afirmaba Bautista Álvarez, na sesión de apertura do XII Congreso da UPG: “Se os cubanos ao lado de Marx puxeron a Martí, nos colocamos a Alfonso Castelao”.

Non é a nosa intención demorar máis a lectura destes documentos, do que estas liñas non son máis que un mero introito. Mais reparade, iso si, como os nacionalistas dos anos 30 cuestionaban xa o proceso de construción europea que xa estaba na axenda política do momento, a simpatía coa que ollaban para a Revolución soviética, o carácter interclasista e frontista do Partido, mais cunha clara orientación de esquerdas e, no caso do noso home mesmo comunista, a caracterización do internacionalismo e a crítica

á súa concepción abstracta cando non se vincula ao nacionalismo, a consideración do nacionalismo como un movemento emancipador vinculado a un proxecto de transformación social cuxo suxeito deben ser as clases populares, a definición da Galiza como nación e, por conseguinte, o seu dereito a soberanía, e a defensa férrea do idioma, como elemento central do noso carácter nacional. O idioma será unha preocupación constante no actuar de Ben-Cho-Shey, cuxa practica si foi monolingüe, tanto na dirección de gañar novos espazos para o uso do idioma como na preocupación por un uso correcto do mesmo, preocupación que o levou a ser a primeira persoa que publicou un artigo en lingua galega na prensa do Estado após o alzamento fascista, concretamente o 25 de abril 1947 en *La Noche* de Compostela. O nacionalismo galego ten todo un patrimonio doutrinal en bo estado hoxe agochado presto para o uso, ferrados de sapiencia dos nosos devanceiros contrastados na práctica política abandonados por descoñecemento, fanegas de experiencia acumulada que fan vellas as achegas da politoloxía de hoxe, elaboracións teóricas cheas de actualidade esquecidas por soños dunha noite de verán, elaborados co copiar e colar do último berro da intelectualidade de moda. Nós, como Suárez Picallo en carta crítica a Piñeiro, afirmamos que: “Non é posíbel a galeguización da nosa patria se non lle achegamos aos nosos compatriotas as ensinanzas dos que nos antecederon na loita” ■